

**CONVENIO MARCO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
UNIVERSIDADE E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL, PARA O
DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EMPRENDEMENTO,
EDUCACIÓN FINANCEIRA E FORMACIÓN PROFESIONAL.**

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou coa Fundación Galicia Obra Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a contar dende a data da súa sinatura (22 de novembro de 2021).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración das entidades asinantes para o desenvolvemento de actuacións en materia de emprendemento, educación financeira e formación profesional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Realización de actividades formativas para fomentar o espírito emprendedor como motor de innovación, competitividade e crecemento económico.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

José Luís Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

